

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL RIBEIRA

Lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de graduado/a en enfermería (estabilización de emprego temporal)

DECRETO: Aprobación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para provisión en propiedade dunha praza de ATS (GRADUADO/A EN ENFERMERÍA) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Expte. 2024 ESTB000005.

VISTO o expediente que se tramita para a provisión en propiedade dunha praza de ATS (GRADUADO/A EN ENFERMERÍA), en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022 e publicada no DOG número 103 do 31/05/2022 e no BOP da Coruña número 90 do 12/05/2022, a través do sistema de selección de CONCURSO, segundo as Bases de selección que foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22/12/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 244 do 27/12/2022, no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), así como na súa páxina web, anunciándose a convocatoria no citado boletín provincial, no Diario Oficial de Galicia número 52 do 15/03/2023, no Boletín Oficial do Estado número 257 do 24/10/2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, esta Alcaldía, en uso das facultades que lle están conferidas, **RESOLVE:**

Primeiro.- Aproba-la lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo antes referido, do xeito seguinte:

Orde	Apelidos e nome do/a aspirante	D.N.I. cifrado	Admitido/a	Causa da exclusión	Exento/a Proba galego
1	León Caamaño Ana Mª	***6698**	Si		Si

A inclusión dos/as aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases aprobadas.

Segundo.- A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica). Así mesmo, a título informativo e complementario, publicarase na páxina web do Concello de Ribeira (www.ribeira.gal) no apartado "taboleiro de anuncios".

De conformidade co disposto na Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, dispónse dun prazo de **5 días hábiles**, contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen presentar reclamacións ou emendar o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación, de ser o caso.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na listaxe publicada.

En Ribeira, a 07 de novembro de 2024. O alcalde, Luís Antonio Pérez Barral. Dou fe, o secretario xeral, Juan Manuel Salguero del Valle.

2024/7831